

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión ordinaria do 19.01.2023

ÍNDICE DE PUNTOS

| | |
|---|----------|
| A) APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES..... | 2 |
| PUNTO PRIMEIRO. ACTAS ANTERIORES. APROBACIÓN..... | 2 |
| B) EXPEDIENTES DE URBANISMO..... | 2 |
| PUNTO SEGUNDO. LICENZAS DE OBRAS..... | 2 |
| 2.1. LICENZA DE SEGREGACIÓN DE LOCAL COMERCIAL NO MILLADOIRO. AMES. EXPEDIENTE GD 3231/2021..... | 2 |
| 2.2. MODIFICACIÓN PARCIAL DE LICENCIA DE OBRAS. LUGAR DA IGREXA. PARROQUIA DE COVAS. AMES. EXPEDIENTE GD 6826/2021..... | 3 |
| PUNTO TERCEIRO. LICENZAS DE SEGREGACIÓN..... | 5 |
| 3.1. MODIFICACIÓN DE LICENCIA DE SEGREGACIÓN/ LICENZA DE OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN. LUGAR DE LOUREIROS. PARROQUIA DE COBAS. AMES. EXPEDIENTE GD 1963/2021..... | 5 |
| 3.2. LICENZA SEGREGACIÓN DE PARCELA. LUGAR DE BIDUÍDO DE ABAIXO. PARROQUIA DE BIDUÍDO (SANTA MARIA). AMES. EXPEDIENTE GD 4677/2020..... | 7 |
| C) EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN..... | 9 |
| PUNTO CUARTO. AMPLIACIÓN DE PRAZO DE EXECUCIÓN PARA A FINALIZACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN DE INTERIORES E ACCESOS DE VENTÍN (BIDUÍDO). POS+ADICIONAL 2/2021. EXPEDIENTE GD 852/2021..... | 9 |

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
09/02/2023 C8BA465C3A40482C99AD59CC12038BF57D0E6348

POSTO DE TRABALLO:
Selo de Organo

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2D916C06A437A154E9E

NOME:
Concello de Ames

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión ordinaria do 19.01.2023

Sendo as once horas e trinta minutos (11:30 h) do 19 de xaneiro de dous mil vinte e tres (2023), reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde, José Blas García Piñeiro, e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde Luísa Feijóo Montero, Genma Otero Uhía, Víctor Manuel Fernández Prieto, Ana Belén Paz García e Natividad González Rodríguez.

Non asiste pero xustifica a súa ausencia o concelleiro David Santomil Mosquera.

Asiste a interventora titular da Corporación, Margarita Fernández Sobrino.

Actúa de secretaria a accidental da Corporación, Concepción Vilas Cantelar.

A) APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES

PUNTO PRIMEIRO. ACTAS ANTERIORES. APROBACIÓN

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular á acta da sesión anterior, **ordinaria do 12.01.2023** que foi distribuída con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobada a acta, por unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

B) EXPEDIENTES DE URBANISMO

PUNTO SEGUNDO. LICENZAS DE OBRAS.

2.1. LICENZA DE SEGREGACIÓN DE LOCAL COMERCIAL NO MILLADOIRO. AMES. EXPEDIENTE GD 3231/2021

Con data do 06.03.2021, R.E. núm. 3880/2021, ***** , con NIF ***** , en representación de ***** , con NIF ***** , solicita **licenza de segregación do local** con referencia catastral 4541402NH3444S0000UQ, situado na **Rúa Agro da ****, *, baixo, no Milladoiro, Ames**, do que resultarían dous locais, para o que achega a memoria redactada pola arquitecta ***** , colexiada **** COAG, datada en marzo 2021.

Figura no expediente documentación acreditativa da titularidade do local e xustificante do pago das taxas.

Figuran informes favorables da arquitecta técnica municipal e da asesora xurídica de Urbanismo.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1376/2021 BOP nº 75, do 23 de abril), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Autorizar , salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a ***** , con NIF ***** , **licenza de segregación do local** con referencia catastral 4541402NH3444S0000UQ, situado na **Rúa Agro da ****, núm. *, baixo, no Milladoiro, Ames**, para o que achega a memoria redactada pola arquitecta ***** , colexiada **** COAG, datada en marzo do 2021, resultando os seguintes locais:

| Locais de resultado | Superficie construída |
|---------------------|-----------------------|
| Local A | 125,14 m ² |
| Local B | 56,17 m ² |

Segundo. Lémbrese a obriga legal de formalizarse ante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente á incorporación no mesmo da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza.

Terceiro. Notificar aos interesados este acordo así como o réxime de recursos que procede, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ao tratarse dun acto que pon fin a vía administrativa.

Cuarto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Quinto. Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

2.2. MODIFICACIÓN PARCIAL DE LICENCIA DE OBRAS. LUGAR DA IGREXA. PARROQUIA DE COVAS. AMES. EXPEDIENTE GD 6826/2021

| | |
|------------------------------------|-------------------------|
| Expediente GestDoc | 6826/2021 |
| Rexistro de entrada | 18591/2022 (04.10.2022) |
| Data ultima documentación achegada | 07.10.2022 |

| | |
|---|---|
| Solicitante/es | ***** , NIF ***** |
| Promotor/es | ***** , NIF ***** |
| Emprazamento das obras | Lugar de Igrexa, parroquia de Covas, Ames |
| Descrición das obras para as que se solicita autorización | Modificación licenza de obra autorizada en XGL 25.11.2021. |
| Documentación técnica que recolle a modificación solicitada | Proxecto básico redactado por ***** *****. |
| Pagos das taxas, en aplicación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo expedición de licenzas urbanísticas (BOP núm. 246 de 27.12.2013) | Importe de 64,58 euros pagados con data do 07.10.2022 |
| Datas dos informes técnico e xurídico . | O informe técnico da arquitecta municipal, ***** , ten data do 16.01.2023. O informe da asesora xurídica de urbanismo, ***** , ten data do 17.01.2023. |

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1376/2021 BOP nº 75, do 23 de abril), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Autorizar, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo e terceiros, a **modificación da licenza de obra** solicitada por ***** NIF ***** , para construción de **vivenda unifamiliar** na parcela Nº 258 do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Santo Tomás de Ames e San Esteban de Covas, referencia catastral 9183705NH2498S0001KO, finca rexistral 9.649 de Ames, no lugar de Igrexa, parroquia de Covas, Ames, **no referente unicamente a modificación do cadro de cesións**, que pasa de 52,00 m² a 50,00 m², manténdose inalterables a totalidade das restantes condicións da licenza xa autorizada na Xunta de Goberno Local do 25.11.2021.

Segundo. Autorizar a segregación a efectos do cumprimento da obriga de cesión do artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG), dunha superficie total de 50,00 m², cesión que deberá formalizarse en documento público que se achegará, cando mais, con carácter previo á presentación da comunicación previa de primeira ocupación.

No momento de efectuar a devandita cesión para a regularización do viario público, a parcela deberá atoparse libre de cargas e gravames incompatibles co referido destino do espazo de cesión, non procedendo a aceptación da cesión polo Concello mentres non se cumpra o anterior.

Terceiro. Denegar a modificación da licenza de obra solicitada por ***** NIF ***** nos restantes extremos solicitados con data do 04.10.2022 particularmente a eliminación da conexión co saneamento municipal (fecais) e a súa substitución por unha fosa séptica, polos motivos sinalados no informe técnico de data 16.01.2023 que literalmente di:

(.....)

Ao respecto compre indicar que non procede autorizar unha fosa séptica xa que consta que existe saneamento na fronte, a normativa de aplicación esixe a conexión cos servizos cando existen ou compromiso de conexión de non existir. Compre a previsión dunha impulsión privativa para acometer na fronte en cumprimento co Regulamento de Auga de Saneamento vixente e segundo a licenza outorgada.

En todo caso unha fosa séptica require de autorización de Augas de Galicia.
(.....)

Polo exposto, o modificado do 04.10.2022 non cumpre coa normativa no que respecta ao saneamento.

Cuarto. Notificar aos interesados este acordo así como o réxime de recursos que proceda, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

Quinto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sexto. Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de tramite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO TERCEIRO. LICENZAS DE SEGREGACIÓN

3.1. MODIFICACIÓN DE LICENCIA DE SEGREGACIÓN/ LICENZA DE OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN. LUGAR DE LOUREIROS. PARROQUIA DE COBAS. AMES. EXPEDIENTE GD 1963/2021.

| | |
|--|---|
| Expediente GestDoc | 1963/2021 Modificación de licenza de segregación |
| Rexistro de entrada | 18.01.2022 (r.e. 837/2021) |
| Solicitante/es | *****, NIF: ***** |
| Promotor/es | *****, NIF: ***** |
| Emprazamento das obras | Lugar de Loureiros. Parroquia de Covas. Ames |
| Descrición das obras | Modificación de licenza de segregación autorizada en XGL de 07.07.2016 que pasaría de 3 parcelas de resultado a 9 parcelas de resultado. Licenza de obras ordinarias de urbanización |
| Documentación técnica que recolle a modificación solicitada da segregación e as obras ordinarias de urbanización | Proxecto de segregación e proxecto de obras ordinarias de urbanización redactado por ***** validación gráfica alternativa co CSV HS1NCH744CG0M29W), |
| Datas dos informes técnico e xurídico . | O informe técnico da arquitecta municipal, ***** , ten data do 16.12.2022. O informe da asesora xurídica de Urbanismo, ***** , ten data do 20.12.2022. |

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1376/2021 BOP nº 75 do 23 de abril), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Autorizar, a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, a ***** , con NIF ***** , a **modificación da licenza de segregación** concedida na Xunta de Goberno Local do 07.07.2016, consistindo a modificación da segregación que se

autoriza en que as fincas de resultado pasan de 3 a 9 de conformidade co proxecto modificado de segregación redactado polos arquitectos ***** e ***** (validación gráfica alternativa co CSV HS1NCH744CG0M29W), resultando as seguintes parcelas:

| Parcelas de resultado | Superficie bruta | Cesión vias (xa formalizada) | Superficie neta |
|-----------------------|------------------------|---------------------------------|------------------------|
| Parcela 1 | 569,07 | 18,17 | 550,90 |
| Parcela 2 | 527,10 | 16,83 | 501,27 |
| Parcela 3 | 522,66 | 16,65 | 506,01 |
| Parcela 4 | 522,81 | 15,50 | 507,31 |
| Parcela 5 | 722,66 | 24,07 | 698,52 |
| Parcela 6 | 607,68 | 34,89 | 572,79 |
| Parcela 7 | 501,62 | 35,28 | 466,34 |
| Parcela 8 | 685,72 | 74,03 | 611,69 |
| Parcela 9 | 516,37 | 95,46 | 420,91 |
| TOTAL | 5.175,65m ² | 330,88m ² | 4.844,74m ² |

Segundo. A segregación das parcelas de resultado 1 á 8, queda expresamente condicionada á execución e posta en servizo das obras ordinarias de urbanización ou ao depósito do custo estimado da súa execución por importe de 26.227,37 euros.

Terceiro. Para inscrición rexistral das 9 parcelas de resultado se requirirá a elaboración dunha VGA compatible coa aportada neste expediente de CSV: HS1NCH744CG0M29W pero que incorpore tamén a parcela de resultado 9.

Cuarto. Autorizar, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, **licenza de obras ordinarias de urbanización** cuxos datos básicos se fan constar a continuación:

| | |
|---|---|
| Expediente GestDoc | 1963/2021 |
| Expediente/s relacionado/s | 2016/U018/000003 2019/U018/000005 |
| Rexistro de entrada | 837/2021 (18.01.2021) |
| Solicitante | *****, NIF: ***** |
| Promotor/es | *****, NIF: ***** |
| Situación e emprazamento das obras | Lugar de Loureiros, parroquia de Covas. Ames |
| Referencia catastral | 8169108NH2486N0001FOZ |
| Finca rexistral | 37.105 |
| Clasificación e cualificación urbanística do solo | Núcleo Rural Tradicional |
| Finalidade da actuación e uso ao que se destinará | Obras ordinarias de urbanización |
| Prazos de inicio e finalización e | Seis meses para o inicio; tres anos para a finalización |

| | |
|--|--|
| interrupción das obras | |
| Orzamento de execución material | 26.227,37 euros |
| Proxecto técnico que define as obras identificando autor e data | Proxecto de obras ordinarias de urbanización de data 11 de xaneiro do 2021, redactado polos arquitectos ***** e *****. |
| Dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras. | Non procede |
| Informes municipais favorables | Emitido o 16.12.2022 pola arquitecta municipal, *****. Emitido o 20.12.2022 pola asesora xurídica de Urbanismo, *****. |
| Informes sectoriais | Sen afeccións |
| Altura, volume e ocupación da parcela permitidos | Non procede |
| Taxas aboadas | 581,13 euros |
| Liquidación provisional ICIO | 655,68 euros |
| Aval ou fianza | 26.227,37 euros |
| Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do duelo ou do subsolo autorizado. | ----- |

Quinto. Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, (ICIO) que ascende á cantidade de (655,68 euros) de acordo co seguinte detalle:

- Orzamento da execución material (EM) segundo o proxecto 26.227,37 euros
- Liquidación provisoria ICIO (Imposto sobre construcións instalacións e obras) 2,5%: 655,68 euros

Sexto. Notificar aos interesados este acordo así como o réxime de recursos que procede, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ao tratarse dun acto que pon fin a vía administrativa.

Sétimo. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Oitavo. Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

3.2. LICENZA SEGREGACIÓN DE PARCELA. LUGAR DE BIDIÚDO DE ABAIXO. PARROQUIA DE BIDIÚDO (SANTA MARIA). AMES. EXPEDIENTE GD 4677/2020

Dáse conta da solicitude achegada con data do 06.11.2020 (r.e. 15394/2020) por ***** con NIF ***** de **licenza de segregación e simultánea agregación** das parcelas con referencia catastral 2734127NH3423S0001DM e 2734126NH3423S0001RM, situadas no **lugar de Biduído de Abaixo, parroquia de Biduído (Santa María). Ames.**

Achega Memoria de segregación e agregación de fincas con data do 13.12.2020 asinado polo enxeñeiro técnico agrícola ***** (colexiado ***).

Con data do 20.08.2022 (r.e. 15827/2022) o interesado presenta un acordo asinado polos propietarios afectados e con data do 24.08.2022 (RE 16081/2022) presenta unha Memoria complementaria.

Con data do 16.12.2022 a arquitecta municipal emitiu informe en senso favorable á autorización da segregación solicitada. Con data do 19.12.2022 a asesora xurídica de Urbanismo, ***** , emite informe favorable.

Figuran aboadas as taxas por importe de 129,14 euros euros, en aplicación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas por expedición de licenzas urbanísticas (BOP 246, do 27.12.2013).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1376/2021 BOP nº 75 do 23 de abril), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Autorizar, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a ***** , con NIF ***** , **licenza de segregación e simultánea agrupación das parcelas** con referencia catastral 2734127NH3423S0001DM e 2734126NH3423S0001RM, situadas no **lugar de Biduído de Abaixo, parroquia de Biduído (Santa María), Ames**, segundo a Memoria redactada polo enxeñeiro técnico agrícola, ***** , colexiado *** , e o informe emitido pola arquitecta municipal (validación gráfica alternativa co CSV 0EHPDXVP8TZQ2YB3), resultando as seguintes parcelas:

| Parcelas de resultado | Superficie bruta |
|-----------------------|--|
| Parcela Matriz | 1.862 m ² (na que se emprazan as construcións existentes) |
| Parcela Segregada | 1.558 m ² |
| Cesión viais | 36 m ² |
| Total | 3.456 m ² |

Segundo. Autorizar a división dos terreos destinados a regularización do viario, cunha superficie total de 36,00 m² a efectos do cumprimento da obriga de cesión ao Concello do artigo 24 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG), cesión que condiciona a presente licenza de parcelación e que deberá formalizarse en documento público que deberá achegarse, cando mais, coas solicitudes de licenza de primeira ocupación.

A efectos de realizar á devandita cesión para regularización do viario público, a franxa de cesión deberá atoparse libre de cargas e gravames. Así mesmo deberase atoparse libre de calquera instalación, construción ou elementos que impidan o destino efectivo para viario, non procedendo a aceptación da cesión polo Concello namentres non se cumpra o anterior.

Terceiro. Lémbrese a obriga legal de formalizarse ante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente á incorporación no mesmo da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza.

Cuarto. Notificar aos interesados este acordo así como o réxime de recursos que procede, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ao tratarse dun acto que pon fin a vía administrativa.

Quinto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sexto. Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

C) EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

PUNTO CUARTO. AMPLIACIÓN DE PRAZO DE EXECUCIÓN PARA A FINALIZACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN DE INTERIORES E ACCESOS DE VENTÍN (BIDUÍDO). POS+ADICIONAL 2/2021. EXPEDIENTE GD 852/2021

A Xunta de Goberno Local do 03.03.2022 aprobou o expediente de contratación das obras de Pavimentación de interiores e accesos de Ventín (Biduído). POS+ Adicional 2/2021.

Tramitada a licitación, a Xunta de Goberno Local do 27.05.2022 adxudicou as obras á empresa **EXCAVACIONES AGRA CASTRO, S.L.**, con CIF B-15490527.

Con data 08.06.2022 procedese a formalización do contrato; asinándose a acta de comprobación do reformulo o 01.07.2022, polo que o prazo de finalización da obras é o 01.01.2023, dado que a duración do contrato establecíase en 6 meses, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de reformulo, salvo que existira reserva fundada que impedira o seu comezo.

Con data 02.12.2022 (R.E. 22113/2022), a empresa adxudicataria, Excavaciones Agra Castro SL, presenta no rexistro xeral do Concello de Ames escrito solicitando unha ampliación de prazo por un período de **tres meses** para rematar a execución da obra, co cal o prazo para a finalización trasladaríase ata o 01.04.2023.

Con data 13.01.2023 o director de obra, ***** , enxeñeiro de camiños, canais e portos, informa favorablemente a solicitude da empresa ao considerar que o atraso existente non é imputable ó contratista (artigo 195.2 da LCSP), senón que se debe a atrasos na entrega de subministro de adoquín cara aserrada 20x10x10, considerando oportuno conceder unha ampliación de prazo de 3 meses, co cal o prazo de finalización da execución da obra quedaría establecido no 01.04.2023.

Figura no expediente informe favorable da Secretaria xeral (datado o 16.01.2022) e da Intervención municipal (A7/2023 do 16.01.2023).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1376/2021 BOP nº 75 do 23 de abril), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Autorizar expresamente a **ampliación de prazo de execución** solicitado pola empresa Excavaciones Agra Castro SL, para rematar a obra de “Pavimentación de interiores e accesos de Ventín (Biduído)”. POS+ Adicional 2/2021, en base ao informe emitido polo director de obra, ***** enxeñeiro de camiños, canais e portos, con data 13.01.2023, fixando como nova data límite para o remate da obra o 01.04.2023.

Segundo. Notificar á empresa **EXCAVACIONES AGRA CASTRO, S.L.**, con CIF B-15490527, adxudicataria do contrato o acordo de prórroga co réxime de recurso que procede ao tratarse

dun acto que pon fin a vía administrativa tal e como exige o artigo 88.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Terceiro. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Cuarto. Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás doce horas (12:00) estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria accidental

Concepción Vilas Cantelar

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA